

ACTIVIDADE PORTFOLIO

DE ADULTOS

Curso 2009/2010

AUTORA: M.^a del Carmen Barreiro García

TÍTULO DA ACTIVIDADE	<i>KURZ UND BÜNDIG</i>
IDIOMAS	☐ GALEGO ☐ FRANCÉS ☐ OUTRAS LINGUAS: ☐ CASTELÁN X ALEMÁN ☐ INGLÉS ☐ ITALIANO
DESCRITORES A TRABALLAR	FALAR / CONVERSAR - Son quen de facer unha breve presentación de min mesmo/a - Son quen de falar entre 3 e 5 minutos sobre calquera dos temas que se traballaron ó longo do presente curso escolar - Son quen de conversar cun compañeiro sobre os temas traballados na clase durante o curso escolar ESCRIBIR - Son quen de activar e empregar os recursos adquiridos (vocabulario, estruturas, xiros, etc.), compoñendo ó redor das iniciais do nome propio unha historia que dalgún xeito describa tamén á persoa (acróstico)*.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	☐ COMPRENDER: ☐ comprensión auditiva / ☐ comprensión lectora X FALAR: X expresión oral / X interacción oral (conversar) X ESCRIBIR: X expresión escrita
OBXECTIVOS	- Realizar un exercicio de autorreflexión sobre o proceso de aprendizaxe (=portfolio concibido como instrumento para medi-lo desenvolvemento e o rendemento do alumno) Neste contexto cómpre plantexármonos as seguintes preguntas: ¿Que aprendín dende que comecei co alemán ata agora? ¿Que fago ben? ¿Que preciso mellorar segundo a miña propia opinión?

	• Activar e sistematiza-lo vocabulario adquirido • Xulgar os resultados do meu propio traballo • Avaliar e ser avaliado polos compañeiros. • Fomentar a percepción do profesor como facilitador do proceso de aprendizaxe.
NIVEL	A1
SECCIÓN DO PEL	X BIOGRAFÍA ☐ PASAPORTE DE LINGUAS ☐ DOSSIER
PROCEDEMENTO	A) MATERIAIS: Fichas para o exercicio oral, ficha para o exercicio escrito B) PROCEDEMENTO: <u>Sesión 1 (45 minutos): “Quen son eu”:</u> A primeira actividade (Ficha 1) céntrase en activar as estruturas adquiridas de xeito lúdico, compoñendo ó redor das iniciais do nome propio de cada alumno unha historia que dalgún xeito describa á persoa (acróstico*). Para a devandita actividade o alumno disporán dun exemplo. Este traballo será exposto na aula. Os alumnos terán a oportunidade de facer un percorrido polas distintas composicións propostas. Preténdese activar vocabulario e estruturas importantes para a actividade posterior. (⇒ presentación persoal) <u>Sesión 2 (“Así falo”):</u> Cada alumno prepara individualmente a súas fichas co obxectivo de realizar unha exposición en clase, facendo emprego do vocabulario e das estruturas adquiridas. A ficha que se entrega ao alumno consta de dúas partes. Por unha banda, fáiselle entrega dun esquema para que se presente a si mesmo, atendendo a uns puntos concretos e, por outra outra, haberá unha segunda actividade na que o alumno elixirá 4 temas sobre os que falar entre 3 e 5 minutos. Esta actividade será avaliada tanto polo alumno como polos compañeiros que darán a súa opinión, o seu xuízo ó rematar a actividade. Subliñaranse puntos converxentes e diverxentes en cada caso. Establecerase, deste xeito, un debate <u>oral</u> moi interesante e enriquecedor entre o alumnado.

AVALIACIÓN: Seguimento	Positiva. Os alumnos reflicten sobre o grao de asimilación dos contidos do curso e sobre as estratexias máis empregadas por cadaquén. Así mesmo, durante a posta en común poderán beneficiarse do <i>feedback</i> aportado tanto polo profesor como polos compañeiros de aula.
AVALIACIÓN: Nivel de participación	En liñas xerais, os alumnos respostaron con bastante interese, tendo en conta que a devandita actividade serviu como preparación para a proba oral de xuño.
IMPACTO PREVISTO	• Alumnos: 1. Documentar por medio do portfolio o proceso de aprendizaxe diferenciado de cada alumno, é dicir, o camiño percorrido durante a súa aprendizaxe (atención á diversidade). 2. Contribuír a que o proceso de aprendizaxe sexa máis efectivo. 3. Fortalece-las competencias de autoaprendizaxe e autoavaliación e contribuír á autonomía do alumnado. 4. Debater sobre a aprendizaxe e o rendemento no seo da clase. • Profesor: • Analisar ata que punto os alumnos recordan elementos, estruturas e vocabulario. • Establecer un perfil da clase no seu conxunto e un perfil de cada alumno en particular.

*Un **acróstico** (do **griego** **ákros**: extremo, y **stikhos**: línea o verso) é unha composición poética na que as letras iniciais, medias ou finais de cada verso, lidas en sentido vertical, forman un vocablo ou unha locución. Por extensión chámase tamén **acróstico** á palabra o locución formada por esas letras.

Ficha 1

I) Schreiben: Namensgeschichte



Schreiben Sie bitte Ihre Namensgeschichte mit den Anfangsbuchstaben Ihres Vornamens! Hier haben Sie ein Beispiel. Präsentieren Sie Ihren Text im Plenum.

C A R M E N

___ armen ist mein Vorname.

___ lt bin ich nicht.

___ osinen mag ich nicht.

___ eine Telefonnummer ist 986. 22754.

___ is esse ich sehr gerne.

___ icole heißt meine Mutter.

JETZT BIST DU DRAN!

--

Ficha 2

Name:



Aufgabe 1 | Sich vorstellen

Name?

Alter?

Land?

Wohnort?

Schule? Studium? Beruf?

Sprachen?

Hobbys?

Ficha 3

Name:



Aufgabe 2 I Über etwas sprechen

Situation: Ihr Gesprächspartner / Ihre Gesprächspartnerin möchte Sie gerne näher kennen lernen. Wählen Sie 4 Themen aus und sprechen Sie darüber (zu jedem Thema ein paar Sätze). Ihr Gesprächspartner / Ihre Gesprächspartnerin wird Ihnen zu diesem Thema auch Fragen stellen.

Beruf? Traumberuf?

Mein Tag

**Essen und
Trinken**

**Ich mache gerne...
/ Ich mache nicht
so gerne....
(Hobbys)**

Familie?

ICH

Hausarbeiten

**Meine Stadt? /
Mein Land**

Sprachen?

**Mein
Wochenende**